

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

- 19672** *Real decreto 1820/2009, do 27 de novembro, polo que se modifican o Real decreto 361/2007, do 16 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en materia da participación no capital das sociedades que xestionan mercados secundarios de valores e sociedades que administren sistemas de rexistro, compensación e liquidación de valores, e o Real decreto 217/2008, do 15 de febreiro, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento e das demais entidades que prestan servizos de investimento e polo que se modifica parcialmente o Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro.*

Este real decreto desenvolve a modificación operada na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, pola Lei 5/2009, do 29 de xuño, pola que se modifican a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, a Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito e o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, para a reforma do réxime de participacións significativas en empresas de servizos de investimento, en entidades de crédito e en entidades aseguradoras, en diante, Lei 5/2009, do 29 de xuño. Esta Lei 5/2009, do 29 de xuño, inicia a transposición ao ordenamento xurídico nacional da Directiva 2007/44/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de setembro de 2007, pola que se modifica a Directiva 92/49/CEE do Consello e as directivas 2002/83/CE, 2004/39/CE, 2005/68/CE e 2006/48/CE no que atinxe ás normas procedementais e aos criterios de avaliación aplicables en relación coa avaliación cautelar das adquisicións e dos incrementos de participacións no sector financeiro.

A Directiva 2007/44/CE ten por obxectivo mellorar o réxime de participacións significativas incrementando a seguranza xurídica e dotándoo dunha maior claridade. Este réxime aborda a avaliación cautelar das adquisicións de participacións que poden supor o exercicio dunha influencia notable nas entidades financeiras. Supón, en definitiva, un control administrativo previo que ten por obxecto avaliar, para efectos prudenciais, a identidade, honorabilidade e solvencia dos accionistas máis significativos das entidades.

En particular, a Directiva 2007/44/CE regula os procedementos e criterios conforme os cales se realiza a avaliación das participacións significativas. A Lei 5/2009, do 29 de xuño, incorpora ao ordenamento xurídico español os aspectos esenciais desta directiva, como son, por un lado, os criterios que a autoridade supervisora deberá observar á hora de avaliar unha modificación da estrutura accionarial que afecte as participacións significativas e, polo outro, o propio procedemento de non oposición.

Este real decreto, por tanto, completa a transposición da citada directiva no que a empresas de servizos de investimento se refire, e engádese un novo título V ao Real decreto 217/2008, do 15 de febreiro, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento e demais entidades que prestan servizos de investimento e polo que se modifica parcialmente o regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro.

Así mesmo, esta norma tamén realiza os axustes necesarios no Real decreto 217/2008, do 15 de febreiro. Neste sentido, as adaptacións refírense, por unha parte, ao capital exixible aos axentes que sexan persoas xurídicas (punto un do artigo único), e por outra, á habilitación, na disposición derradeira primeira, á Comisión Nacional do Mercado de Valores, para determinar o contido dos modelos de estados de información reservada que

as entidades que prestan servizos de investimento deben remitir á dita comisión, no que respecta ás súas operacións no mercado de valores.

Pola súa parte, no novo título V do Real decreto 217/2008, do 15 de febreiro, régúlase, entre outras cuestións, como se deberán computar as participacións en empresas de servizos de investimento para determinar o que se considera unha participación significativa. Prevé, así mesmo, a elaboración e publicación dunha lista por parte da Comisión Nacional do Mercado de Valores na cal se determinará o contido da información que esta comisión poderá exixir para avaliar a adquisición dunha participación significativa, á vez que neste mesmo real decreto se enumeran xa os aspectos fundamentais aos cales necesariamente debe facer referencia esa lista.

Así mesmo, establécense os supostos nos cales a Comisión Nacional do Mercado de Valores pode interromper o cómputo do prazo de avaliación por un máximo de trinta días hábiles, cando o adquirente potencial sexa unha entidade autorizada ou domiciliada fóra da Unión Europea ou cando non estea suxeito a supervisión financeira en España ou na Unión Europea.

Adicionalmente, ao fío do novo réxime de participacións significativas, tamén se reforma, na disposición derradeira terceira, o Real decreto 361/2007, do 16 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en materia de participación no capital das sociedades que xestionan mercados secundarios de valores e sociedades que administren sistemas de rexistro, compensación e liquidación de valores. A finalidade esencial desta modificación responde á necesidade de asegurar a adecuada coherencia entre este réxime especial de participacións significativas e o xeral, regulado na directiva e que se integra no artigo 69 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores e nas súas normas de desenvolvemento.

Por último, a disposición derradeira primeira recolle as habilitacións normativas á ministra de Economía e Facenda e á Comisión Nacional do Mercado de Valores. A segunda refírese aos títulos competenciais habilitantes da norma, a disposición derradeira cuarta fai referencia á incorporación do dereito da Unión Europea e, finalmente, a quinta prevé a entrada en vigor.

Este real decreto dítase ao abeiro da disposición derradeira sétima da Lei 5/2009, do 29 de xuño, en que se habilita o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento, execución e cumprimento do previsto na propia lei.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do 27 de novembro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 217/2008, do 15 de febreiro, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento e das demais entidades que prestan servizos de investimento e polo que se modifica parcialmente o Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro.*

Un. Engádese un número 3 ao artigo 15 do Real decreto 217/2008, do 15 de febreiro, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento e das demais entidades que prestan servizos de investimento e polo que se modifica parcialmente o Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, co seguinte teor literal:

«3. O capital social dos axentes de empresas de servizos de investimento que sexan persoas xurídicas será o que corresponda á forma xurídica adoptada.»

Dous. Engádese un novo título ao Real decreto 217/2008, do 15 de febreiro, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento e das demais entidades que prestan servizos de investimento e polo que se modifica parcialmente o Regulamento da

Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro, co seguinte teor literal:

«TÍTULO V

Réxime xurídico das participacións significativas e obrigas de información sobre a composición do capital social

Artigo 82. *Cómputo das participacións en empresas de servizos de investimento.*

1. Para efectos do previsto no artigo 69 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, as accións, achegas ou dereitos de voto para integrar no cómputo dunha participación incluirán:

- a) Os adquiridos directamente polo adquirente potencial;
- b) Os adquiridos a través de sociedades controladas ou participadas polo adquirente potencial;
- c) Os adquiridos por sociedades integradas no mesmo grupo que o adquirente potencial ou participadas por entidades do grupo;
- d) Os adquiridos por outras persoas que actúen por conta do adquirente potencial, ou concertadamente con el ou con sociedades do seu grupo. En todo caso, inclúense:

1.º Os dereitos de voto que se poidan exercer en virtude dun acordo cun terceiro que obrigue o adquirente potencial e o propio terceiro a adoptar, mediante o exercicio concertado dos dereitos de voto que posúen, unha política común duradeira en relación coa xestión da empresa de servizos de investimento ou que teña por obxecto influír de maneira relevante nela.

2.º Os dereitos de voto que se poidan exercer en virtude dun acordo cun terceiro que prevexa a transferencia temporal e a título oneroso dos dereitos de voto en cuestión.

- e) Os que posúa o adquirente potencial vinculados a accións adquiridas a través de persoa interposta;
- f) Os dereitos de voto que se poidan controlar, declarando expresamente a intención de os exercer, como consecuencia do depósito das accións correspondentes como garantía;
- g) Os dereitos de voto que se poidan exercer en virtude de acordos de constitución dun dereito de usufruto sobre accións;
- h) Os dereitos de voto que estean vinculados a accións depositadas no adquirente potencial, sempre que este os poida exercer discrecionalmente en ausencia de instrucións específicas por parte dos accionistas;
- i) Os dereitos de voto que o adquirente potencial poida exercer en calidade de representante, cando os poida exercer discrecionalmente en ausencia de instrucións específicas por parte dos accionistas;
- j) Os dereitos de voto que se poden exercer en virtude de acordos ou negocios dos previstos nas letras f) a i), celebrados por unha entidade controlada polo adquirente potencial.

2. Os dereitos de voto calcularanse sobre a totalidade das accións que os atribúan, incluso nos supostos en que o exercicio de tales dereitos estea suspendido.

3. Para levar a cabo o cómputo dunha participación para efectos do disposto no número 1, no caso de que o adquirente potencial sexa a entidade dominante dunha sociedade xestora de institucións de investimento colectivo ou unha entidade que exerza o control dunha empresa de servizos de investimento ou dunha sociedade xestora de institucións de investimento colectivo, terase en conta o seguinte:

a) A entidade dominante dunha sociedade xestora de institucións de investimento colectivo non estará obrigada a agregar a proporción de dereitos de voto que atribúen as accións que posúa á proporción de dereitos de voto das accións que formen parte do patrimonio das institucións de investimento colectivo xestionadas por esa sociedade xestora, sempre que esta exerza os dereitos de voto independentemente da entidade dominante.

Non obstante o anterior, aplicarase o disposto nos puntos anteriores cando a entidade dominante ou outra entidade controlada por ela investisen en accións que integren o patrimonio das institucións de investimento colectivo xestionadas pola sociedade xestora e esta careza de discrecionalidade para exercer os dereitos de voto correspondentes e poida unicamente exercelos seguindo as instrucións directas ou indirectas da entidade dominante ou doutra entidade controlada por ela.

b) A entidade que exerza o control dunha empresa que presta servizos de investimento non estará obrigada a agregar a proporción dos dereitos de voto que atribúan as accións que posúa á proporción que esta xestione de maneira individualizada como consecuencia da prestación do servizo de xestión de carteiras, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

1.º Que a empresa de servizos de investimento, a entidade de crédito ou a sociedade xestora de institucións de investimento colectivo estean autorizadas para a prestación do servizo de xestión de carteiras nos termos establecidos no artigo 63.1 d) e 65 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores;

2.º Que só poida exercer os dereitos de voto inherentes a tales accións seguindo instrucións formuladas por escrito ou por medios electrónicos ou, no seu defecto, que cada un dos servizos de xestión de carteira se preste de forma independente de calquera outro servizo e en condicións equivalentes ás previstas na Lei 35/2003, do 5 novembro, de institucións de investimento colectivo, mediante a creación dos oportunos mecanismos, e

3.º Que exerza os seus dereitos de voto independentemente da entidade dominante.

Non obstante o anterior, aplicarase o disposto nos puntos anteriores cando a entidade dominante ou outra entidade controlada por ela investise en accións xestionadas por unha empresa de servizos de investimento do grupo e esta non estea facultada para exercer os dereitos de voto vinculados a tales accións e só poida exercer os dereitos de voto correspondentes a esas accións seguindo instrucións directas ou indirectas da entidade dominante ou doutra entidade controlada por ela.

4. Consideraranse sociedades controladas aquelas en que o titular teña o control no sentido do artigo 42 do Código de comercio, e participadas aquelas en que se posúa, de maneira directa ou indirecta, polo menos un 20 por cento dos dereitos de voto ou do capital dunha empresa ou entidade ou o 3 por cento se as súas accións están admitidas a negociación nun mercado regulado.

5. As participacións indirectas tomaranse polo seu valor, cando o adquirente potencial teña o control da sociedade interposta, e polo que resulte de aplicar a porcentaxe de participación na interposta, no caso contrario.

Nos casos en que unha participación significativa se posúa, total ou parcialmente, de forma indirecta, os cambios nas persoas ou entidades a través dos cales tal participación se posúa deberán ser comunicados previamente á Comisión Nacional do Mercado de Valores, a cal se poderá opor conforme o previsto no artigo 69 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

Artigo 83. *Exclusións no cómputo dunha participación.*

Para os efectos do disposto no artigo 69 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, as accións, achegas ou dereitos de voto para integrar no cómputo dunha participación non incluírán:

a) As accións adquiridas exclusivamente para efectos de compensación e liquidación dentro do ciclo curto de liquidación habitual. Para estes efectos a duración máxima do ciclo curto de liquidación habitual será de tres días hábiles bolsistas a partir da operación e aplicarase tanto a operacións realizadas nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado como ás realizadas fóra del. Os mesmos principios se aplicarán tamén a operacións realizadas sobre instrumentos financeiros.

b) As accións que se poidan posuír por ter proporcionado o aseguramento ou a colocación de instrumentos financeiros sobre a base dun compromiso firme, sempre que os dereitos de voto correspondentes non se exerzan ou utilicen para intervir na administración da empresa de servizos de investimento e se cedan no prazo dun ano desde a súa adquisición.

c) As accións posuídas en virtude dunha relación contractual para a prestación do servizo de administración e custodia de valores, sempre que a entidade só poida exercer os dereitos de voto inherentes a esas accións con instrucións formuladas, por escrito ou por medios electrónicos.

d) As accións ou participacións adquiridas por parte dun creador de mercado que actúe na súa condición de tal, sempre que:

1.º Estea autorizado a operar como tal en virtude das disposicións que incorporen ao seu dereito nacional a Directiva 2004/39/CEE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, relativa aos mercados de instrumentos financeiros, e;

2.º Que non interveña na xestión da empresa de servizos de investimento de que se trate, nin exerza ningunha influencia sobre ela para adquirir esas accións nin sustente o prezo da acción de ningunha outra forma.

e) As accións ou participacións incorporadas a unha carteira xestionada discrecional e individualizadamente sempre que a empresa de servizos de investimento, sociedade xestora de institucións de investimento colectivo ou entidade de crédito, só poida exercer os dereitos de voto inherentes a esas accións con instrucións precisas por parte do cliente.

Artigo 84. *Influencia notable.*

Para efectos do disposto no artigo 69.1, número 2 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en todo caso se entenderá por influencia notable a posibilidade de nomear ou destituír algún membro do consello de administración da empresa de servizos de investimento.

Artigo 85. *Información que deberá subministrar o adquirente potencial xunto coa notificación.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores establecerá mediante circular unha lista coa información que debe subministrar o adquirente potencial en cumprimento da obriga a que se refire o artigo 69.4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores. A Comisión Nacional do Mercado de Valores dará publicidade ao contido da lista na súa páxina web ou sede electrónica.

2. En todo caso, a lista a que se refire o punto anterior debe conter información acerca dos seguintes aspectos:

a) Sobre o adquirente potencial e, de ser o caso, sobre calquera persoa que de forma efectiva dirixa ou controle as súas actividades:

1.º A identidade do adquirente potencial, a estrutura do accionariado e a composición dos órganos de administración do adquirente potencial.

2.º A honorabilidade profesional e comercial do adquirente potencial e, de ser o caso, de calquera persoa que de forma efectiva dirixa ou controle as súas actividades.

3.º A estrutura detallada do grupo a que eventualmente pertenza.

4.º A situación patrimonial e financeira do adquirente potencial e do grupo a que eventualmente pertenza.

5.º A existencia de vínculos ou relacións, financeiras ou non, do adquirente potencial coa entidade adquirida e co seu grupo.

6.º As avaliacións realizadas por organismos internacionais da normativa de prevención do branqueo de capitais e financiamento do terrorismo do país de nacionalidade do adquirente potencial, salvo que sexa a dun Estado membro da Unión Europea, así como a traxectoria en materia de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo do adquirente potencial e das entidades integradas no seu grupo que non estean domiciliadas na Unión Europea.

No caso de estados membros da Unión Europea, a información sobre esta traxectoria obterase na consulta que a Comisión Nacional do Mercado de Valores realice ás autoridades supervisoras deste Estado de acordo co artigo 69.7 da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

b) Sobre a adquisición proposta:

1.º A identidade da entidade obxecto da adquisición.

2.º A finalidade da adquisición.

3.º A contía da adquisición, así como a forma e o prazo en que se levará a cabo.

4.º Os efectos que terá a adquisición sobre o capital e os dereitos de voto antes e despois da adquisición proposta.

5.º A existencia dunha acción concertada de maneira expresa ou tácita con terceiros con relevancia para a operación proposta.

6.º A existencia de acordos previstos con outros accionistas da entidade obxecto da adquisición.

c) Sobre o financiamento da adquisición:

Orixe dos recursos financeiros empregados para a adquisición, entidades a través das cales se canalizarán e réxime de dispoñibilidade destes.

d) Ademais, exixirase:

1.º No caso de participacións significativas que produzan cambios no control da entidade, detallarase o plan de negocio, incluíndo información sobre o plan de desenvolvemento estratéxico da adquisición, os estados financeiros e outros datos provisionais. Así mesmo, detallaranse as principais modificacións na entidade que se vai adquirir previstas polo adquirente potencial, en particular, sobre o impacto que a adquisición terá no goberno corporativo, na estrutura e nos recursos dispoñibles, nos órganos de control interno e nos procedementos para a prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo desta.

2.º No caso de participacións significativas que non produzan cambios no control, informarase sobre a política do adquirente potencial en relación coa adquisición e as súas intencións respecto á entidade adquirida, en particular, sobre a súa participación no goberno da entidade.

3.º Nos dous casos anteriores, os aspectos relativos á honorabilidade comercial e profesional de administradores e directivos que vaian dirixir a actividade da empresa de servizos de investimento como consecuencia da adquisición proposta.

Artigo 86. *Interrupción do prazo para resolver.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá determinar que a interrupción do cómputo do prazo de avaliación mencionada no artigo 69.6, parágrafo terceiro in fine da Lei 24/1988, do 28 de xullo, teña unha duración máxima de trinta días hábiles se o adquirente potencial:

- a) Está domiciliado ou autorizado fóra da Unión Europea, ou
- b) Non está suxeito a supervisión financeira en España ou na Unión Europea.

2. O cómputo dos trinta días hábiles previsto no artigo 69.5 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, para que o Servizo Executivo da Comisión para a Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias remita o seu informe á Comisión Nacional do Mercado de Valores, interromperase nos mesmos termos en que esta interrompa o cómputo do prazo de avaliación de acordo co artigo 69.6 da citada lei.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto e, en particular, os artigos 35 a 37 do Real decreto 867/2001, do 20 de xullo, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento.

Disposición derradeira primeira. *Habilitacións normativas.*

A ministra de Economía e Facenda e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderán ditar as disposicións precisas para a debida execución deste real decreto.

Así mesmo, habilítase a Comisión Nacional do Mercado de Valores para ditar as disposicións necesarias para determinar o contido e os modelos dos estados de información reservada que, en relación coa prestación de servizos de investimento e servizos auxiliares, deban levar as empresas de servizos de investimento, as demais entidades recollidas no artigo 65 da Lei do mercado de valores, así como as sucursais de empresas de servizos de investimento e de entidades de crédito en relación coas súas operacións de mercado de valores. A Comisión Nacional do Mercado de Valores determinará, así mesmo, a frecuencia e o detalle con que tales datos deben ser subministrados.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.6.^a, 11.^a e 13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado as competencias exclusivas sobre lexislación mercantil, bases da ordenación do crédito, banca e seguros, e bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 361/2007, do 16 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en materia da participación no capital das sociedades que xestionan mercados secundarios de valores e sociedades que administren sistemas de rexistro, compensación e liquidación de valores.*

Un. O número 1 do artigo 1 do Real decreto 361/2007, do 16 de marzo, queda redactado nos seguintes termos:

«1. As participacións significativas no capital social das sociedades que administren mercados secundarios españois axustaranse ao previsto no artigo 31.6 e no artigo 69 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, así como nas normas de desenvolvemento deste último, coas especialidades previstas neste artigo.»

Dous. Os números 4 a 7 do artigo 1 do Real decreto 361/2007, do 16 de marzo, quedan redactados como segue:

«4. Sen prexuízo das facultades da Comisión Nacional do Mercado de Valores de se opor a unha participación significativa segundo o previsto no número 6 do artigo 69 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, a ministra de Economía e Facenda, por proposta da Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderase opor á adquisición dunha participación significativa no capital social daquelas sociedades cando coide que é necesario para asegurar o bo funcionamento dos mercados ou para evitar distorsións neles, así como por non se dar un trato equivalente a entidades españolas no país de orixe do adquirente, ou de quen controle, directa ou indirectamente, o adquirente.

Para tal efecto, atenderase, moi especialmente, ao grao e tipo de influencia que o adquirente poida exercer no correspondente mercado, para o cal se valorarán, entre outros, os seguintes factores:

a) As participacións accionariais de que o adquirente sexa titular en sociedades que administren outros mercados de valores, sistemas multilaterais de negociación e sistemas de rexistro, compensación e liquidación de instrumentos financeiros e nos membros e entidades participantes nese tipo de mercados e sistemas.

b) A súa participación nos órganos de administración doutros mercados de valores, sistemas multilaterais de negociación e sistemas de rexistro, compensación e liquidación de instrumentos financeiros e nos membros e entidades participantes nese tipo de mercados e sistemas.

c) Se o adquirente ou a entidade dominante están suxeitos a un réxime de supervisión equivalente ao exercido pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, en caso de que aqueles xestionasen algún mercado de valores ou sistemas multilateral de negociación ou sistema de rexistro, compensación e liquidación de instrumentos financeiros.

Cando o adquirente dunha participación significativa sexa titular dunha participación de control, bastará con que comunique con carácter previo a adquisición da participación significativa á Comisión Nacional do Mercado de Valores, indicando a contía desa participación, o modo de adquisición e o prazo máximo en que se pretenda realizar a operación.

5. Para a adquisición dunha participación significativa igual ou superior ao 1 por cento pero inferior ao 5 por cento no capital da sociedade, entenderase que a Comisión Nacional do Mercado de Valores non se opón a ela se non se pronuncia dentro dos dez días hábiles seguintes contados desde aquel en que fose informada ou desde o momento en que se completou a información adicional que, de ser o caso, requirise, ou no prazo de trinta días tratándose de participacións inferiores ao 10 por cento. Para efectos do exercicio desta competencia, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá elaborar, mediante circular, unha lista que conteña a información mínima que debe subministrar o adquirente con carácter previo á adquisición, e deberá apreciar a súa idoneidade, tendo en conta, entre outros factores:

1. A honorabilidade empresarial ou profesional dos accionistas que pretenden adquirir ou alcanzar unha participación significativa.

2. Os medios patrimoniais con que contan tales accionistas para atender os compromisos asumidos.

3. A posibilidade de que a entidade quede exposta de forma inapropiada ao risco das actividades non financeiras dos seus promotores; ou cando tratándose de actividades financeiras, a estabilidade ou o control da entidade poidan quedar afectadas polo alto risco daquelas.

6. Cando unha persoa física ou xurídica decidise deixar de ter, directa ou indirectamente, unha participación significativa nunha sociedade que administre un mercado secundario oficial español, notificarallo primeiro á Comisión Nacional do Mercado de Valores de acordo co previsto no número 9 do artigo 69 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores. Exceptúanse desta obriga as participacións significativas superiores ao 1 por cento e inferiores ao 5 por cento.

7. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá requirir tanta información xulgue oportuna sobre as titularidades que consten no rexistro de accionistas das sociedades que administren mercados secundarios oficiais, así como no das sociedades que teñan unha participación de control en todas ou nalguna das anteriores.»

Tres. O número 1 do artigo 3 do Real decreto 361/2007, do 16 de marzo, queda redactado nos seguintes termos:

«1. As participacións significativas no capital social da sociedade de sistemas rexeranse polo previsto no artigo 44 bis.3 e 69 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores e nas disposicións de desenvolvemento deste último, coas especialidades previstas no presente artigo.»

Catro. Os números 4 a 7 do artigo 3 do Real decreto 361/2007, do 16 de marzo, quedan redactados da seguinte forma:

«4. Sen prexuízo das facultades da Comisión Nacional do Mercado de Valores de se opor a unha participación significativa segundo está previsto no número 6 do artigo 69 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, a ministra de Economía e Facenda, por proposta da Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderase opor á adquisición ou á transmisión dunha participación significativa no capital da sociedade de sistemas cando coide que é necesario para asegurar o bo funcionamento dos mercados ou dos sistemas de rexistro, compensación e liquidación de valores ou para evitar distorsións neles, así como por non se dar un trato equivalente ás entidades españolas no país de orixe do adquirente, ou de quen o controle directa ou indirectamente.

Para tal efecto, atenderase, moi especialmente, ao grao e tipo de influencia que o adquirente poida exercer na sociedade de sistemas, para o cal se valorarán, entre outros, os seguintes factores:

a) As participacións accionariais das cales o adquirente sexa titular en sociedades que administren outros mercados de valores, sistemas multilaterais de negociación e sistemas de rexistro, compensación e liquidación de instrumentos financeiros e nos membros e entidades participantes nese tipo de mercados e sistemas.

b) A súa participación nos órganos de administración doutros mercados de valores, sistemas multilaterais de negociación e sistemas de rexistro, compensación e liquidación de instrumentos financeiros e nos membros e entidades participantes nese tipo de mercados e sistemas.

c) Se o adquirente ou a entidade dominante están suxeitos a un réxime de supervisión equivalente ao exercido pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, en caso de aqueles xestionaren algún mercado de valores ou sistema multilateral de negociación ou sistema de rexistro, compensación e liquidación de instrumentos financeiros.

Cando o adquirente dunha participación significativa sexa titular dunha participación de control, bastará con que comunique con carácter previo a adquisición da participación significativa á Comisión Nacional do Mercado de Valores, indicando a contía da dita participación, o modo de adquisición e o prazo máximo en que se pretenda realizar a operación.

5. Para a adquisición dunha participación significativa igual ou superior ao 1 por cento pero inferior ao 5 por cento no capital da sociedade, entenderase que a Comisión Nacional do Mercado de Valores non se opón a ela se non se pronuncia dentro dos dez días hábiles seguintes contados desde aquel en que fose informada ou desde o momento en que se completou a información adicional que, de ser o caso, requirise ou no prazo de trinta días tratándose de participacións inferiores ao 10 por cento. Para efectos do exercicio desta competencia, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá elaborar, mediante circular, unha lista que conteña a información mínima que debe subministrar o adquirente con carácter previo á adquisición, e deberá apreciar a súa idoneidade, tendo en conta, entre outros factores:

- a) A honorabilidade empresarial ou profesional dos accionistas que pretenden adquirir ou alcanzar unha participación significativa.
- b) Os medios patrimoniais con que contan tales accionistas para atender os compromisos asumidos.
- c) A posibilidade de que a entidade quede exposta de forma inapropiada ao risco das actividades non financeiras dos seus promotores; ou cando tratándose de actividades financeiras, a estabilidade ou o control da entidade poidan quedar afectadas polo alto risco daquelas.

6. Cando unha persoa física ou xurídica decidise deixar de ter, directa ou indirectamente, unha participación significativa na sociedade de sistemas, notificarallo primeiro á Comisión Nacional do Mercado de Valores de acordo co previsto no número 9 do artigo 69 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores. Exceptúanse desta obriga as participacións significativas superiores ao 1 por cento e inferiores ao 5 por cento.

7. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá requirir tanta información coide oportuna sobre as titularidades que consten no rexistro de accionistas da sociedade de sistemas, así como no das sociedades que posúan unha participación de control nela.

Disposición derradeira cuarta. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2007/44/CE do Parlamento e do Consello, do 5 de setembro de 2007, pola que se modifica a Directiva 92/49/CEE, do Consello, e as directivas 2002/83/CE, 2004/39/CE, 2005/68/CE e 2006/48/CE no que atinxe ás normas procedementais e aos criterios de avaliación aplicables en relación coa avaliación cautelar das adquisicións e dos incrementos de participacións no sector financeiro.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado»

Dado en Madrid o 27 de novembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta segunda do Goberno
e ministra de Economía e Facenda,
ELENA SALGADO MÉNDEZ